

Re-acciona

SERVIZOS | COVID-19



Análise de mercados internacionais concretos en relación á nova situación motivada pola emerxencia sanitaria COVID-19 e as necesidades específicas do solicitante de cara á apertura ou permanencia en dito mercado.



Servizo de Análise de Mercados Internacionais Concretos

en relación á nova situación motivada pola emerxencia sanitaria COVID-19 e as necesidades específicas do solicitante de cara á apertura ou permanencia en dito mercado

- *Defende a túa posición nos mercados internacionais*

Aproveita as oportunidades de acceder a novos países

✓ Que é?

Un **servizo profesional e individualizado** para acompañar ás pemes na **adopción de medidas que lle permitan reducir o risco de acceso ou permanencia no mercado dun país**, tendo en conta a nova situación económica e social motivada pola emerxencia sanitaria COVID19 e as necesidades específicas da empresa beneficiaria.

✓ Para quen?

Empresas que ven en risco os seus mercados e necesitan reaccionar rapidamente analizando a súa operativa actual, actualizando a información externa dispoñible sobre dito mercado concreto e analizando as principais contingencias sobre as que tomar medidas para reconducir a situación.


Empresas que detectaron unha oportunidade de entrar en novos mercados e queren explorar as oportunidades derivadas desta nova situación socio económica para expandir a súa presenza internacional a través do acceso a mercados internacionais concretos.

✓ Para que?

- Contar con **asesoramento experto** que axude a revisar e definir adecuadamente a estratexia de permanencia ou acceso a mercados internacionais concretos coherente cos intereses da organización.
- Adoptar toda unha serie de **medidas de impulso á internacionalización** que fagan posible o despregue do plan de acción resultante.
- **Formar e comprometer ao equipo humano** da empresa para cumprir cos obxectivos de presenza nos mercados internacionais prioritarios.

Cómo?

O programa **combina a consultaría presencial e a formación** do equipo designado pola empresa seguindo unha filosofía de *learning by doing*, o que garante un estilo eminentemente práctico, en base a actuacións concretas e tanxibles.



*Estrutura modular do servizo para adaptarse ás **necesidades reais da empresa**.*

Dedicación do equipo consultor á peme:

376 horas en 22 semanas.

- 128 horas en contacto coa empresa.
- 248 horas de backoffice

✓ Resultados

- **Formación en comercio internacional** e acceso a mercados internacionais concretos, incentivando a motivación estratéxica da empresa.
- **Diagnóstico** da peme que permitirá detectar as necesidades, ameazas e oportunidades da empresa nos mercados obxectivos.
- **Informe de recomendacións** e un plan de actuación
- Completo **Informe de mercados obxectivo** con información clave destes mercados, relevante para a empresa e a súa situación específica.
- **BBDD de clientes potenciais e socios/provedores** de países obxectivo.
- Conxunto de **Fichas personalizadas con oportunidades comerciais**
- **Catálogo e mailing traducido** ao idioma dos mercados obxectivo como apoio na estratexia de comunicación.

✓ Beneficios

- **Mellorar a presenza internacional e aproveitar as novas oportunidades detectadas** en mercados concretos.
- Coñecer os **puntos débiles e fortes** de cara á internacionalización.
- **Implementar ferramentas e técnicas específicas** para reducir o risco de acceso e permanencia no mercado dun país
- Avanzar no **desenvolvemento da cultura internacional** da empresa.
- Autonomía na **posta en práctica** de medidas concretas.

Servizo cofinanciado ata o 93%

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade
das PEMES de Galicia

Deseña o teu itinerario de mellora competitiva

reacciona.igape.es/reacciona-covid19



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Xacobeo 21-22

Operación financiada pola Unión Europea, a través do FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER),
como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19

Apoiar os sectores máis afectados pola COVID-19